



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A FUNDACIÓN EOI PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN E TUTORIZACIÓN NO MARCO DE ESPAZOS DE COWORKING COFINANCIADOS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Area de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Ente ten previsto formalizar coa Fundación EOI (en adiante EOI), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue *dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017*.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

a realización de accións de formación e tutorización no marco de espazos de Coworking. O obxectivo principal da actuación de Coworking é fomentar o emprendimiento e aumentar a probabilidade de éxito dos proxectos dos emprendedores nun período limitado de tempo, identificando aqueles con maior potencial de desenvolvemento.

Unha vez finalizada cada edición o obxectivo é que os proxectos dos emprendedores que contén con maior probabilidade de éxito se poidan incorporar a aceleradoras que poidan cubrir unha seguinte fase de desenvolvemento dos proxectos.

As partes realizarán conxuntamente 6 actuacións ou proxectos de Coworking a desenvolver nas localidades de Xinzo de Limia, Cabana de Bergantiños, Monforte, Mondoñedo, Ferrol e Celanova.

Cada proxecto ou actuación de Coworking contempla a realización de catro convocatorias ou edicións de Coworking cunha duración cada unha delas de 5 meses, dando cabida cada unha a un mínimo de 16 e un máximo de 22 proxectos de emprendedores. En cada proxecto seleccionado participará un mínimo de 1 unha persoa e un máximo de 3 que serán os beneficiarios finais da operación.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

EOI é unha fundación do sector público estatal dedicada a formar profesionais, producir e difundir coñecemento e ofrecer servizos de valor a empresas, emprendedores e administracións, nos valores dunha economía aberta, social, verde e digital.

No futuro Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación, EOI ten previsto executar accións dentro do Eixe Prioritario 1 para “promover as sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral”.

O Igape é unha entidade pública, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, creado pola Lei 5 / 1992, de 10 de xuño como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego que ten entre as súas funcións, desenvolver unha actividade xeral de promoción dos valores empresariais da súa contorna, encamiñada a incentivar o nacemento e desenvolvemento de novos proxectos empresariais.

O Igape está interesado en fomentar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos empresariais, a través da formación e tutorización das persoas que os desenvolvan. O proxecto encaixa coa propia misión do IGAPE, en canto axencia adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria para o desenvolvemento económico de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director do Area de Competitividade do IGAPE